

8 Mesopotamia, a terra entre ríos

1 O espazo e o tempo

1.1 O marco xeográfico de Mesopotamia



A civilización mesopotámica desenvolveuse na zona comprendida entre os ríos **Tigre** e **Éufrates**, que desembocan no golfo Pérsico. Ambos os dous ríos fertilizan as terras próximas ás súas ribeiras coas lamas e cos lodos que arrastran nas enchentes anuais.

Este territorio adóitase dividir en dúas grandes **rexións**: a Baixa Mesopotamia ou Caldea, situada ao sur, e a Alta Mesopotamia ou Asiria, situada ao norte.

1.2 A evolución histórica

A riqueza do solo da rexión atraeu numerosos **pobos**, que disputaron o seu dominio entre os anos 3500 a.C. e 539 a.C.


- Os **sumerios**, cara ao 3500 a.C., controlaron as enchentes primaveiras dos ríos Tigre e Éufrates, regaron as súas terras e estableceron cidades-estado, como Ur, Uruk, Lagash e Eridú.
- **Outros pobos** dominaron con posterioridade o territorio de Mesopotamia e crearon nalgúns casos grandes imperios. Entre estes pobos encóntranse os **acadios**, os **babilonios** e os **asirios**.
- Por último, os **persas** conquistaron Mesopotamia no ano 539 a.C., poñendo fin a esta civilización.



Tarefas para progresar

▼ Localizar información no espazo

- 1 Completa os espazos raiados do seguinte mapa da antiga Mesopotamia.



▼ Comprender a realidade histórica

- 2 Calcula o tempo que durou a civilización mesopotámica.

.....

- 3 Escribe, por orde cronolóxica, o nome dos pobos que ocuparon Mesopotamia.

.....

.....

.....

.....

- 4 Contesta as seguintes preguntas:

- a) Que lles acontecía aos ríos Tigre e Éufrates cada primavera?

.....

- b) Que orixinou o desenvolvemento agrícola dos sumerios?

.....

- c) Que significou para Mesopotamia a chegada dos persas?

.....

▼ Relacionar informacións

- 5 Indica se as seguintes frases son verdadeiras (V) ou falsas (F).

a) A civilización mesopotámica localizouse arredor do río Nilo. ☐

b) Mesopotamia adoita dividirse en dúas rexións: a Alta Mesopotamia e a Baixa Mesopotamia. ☐

c) A historia mesopotámica divídese en cinco períodos. ☐

d) O primeiro pobo que ocupou Mesopotamia foron os acadios. ☐

e) Os persas puxeron fin á civilización mesopotámica. ☐

▼ Obter información

- 6 Observa o eixe cronolóxico e completa o seguinte cadro:

POBO	CRONOLOXÍA
SUMERIOS	
ACADIOS	
BABILONIOS	
ASIRIOS	
PERSAS	

- 7 Con axuda do mapa da páxina anterior, escribe o nome de cidades importantes dalgúns pobos mesopotámicos.

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

2 A organización política, económica e social

2.1 A organización política

Na época sumeria xurdiron cidades-estado independentes. Estaban rexidas por un **patesi** ou príncipe-sacerdote, que concentraba todo o poder e era a máxima autoridade civil e relixiosa.

O patesi, como **príncipe**, gobernaba e encargábase de todas as actividades cidadás. Como **sacerdote**, dirixía o culto aos deuses e coidaba dos templos e dos seus bens.

Co tempo, o patesi acabou adoptando o título de **rei**, polo que deixou o poder relixioso en mans dos sacerdotes. Algúns reis chegaron a gobernar grandes imperios.


2.2 As actividades económicas

A **agricultura** de regadío foi a base da economía de Mesopotamia. As terras pertencían ao palacio ou ao templo, que as arrendaban aos campesiños. Os campesiños cultivaban cereais, hortalizas, palmeiras datileiras, liño e algodón. Ademais, criaban ovellas, cabras, porcos, bois e cabalos.

Tamén practicaron a **artesanía** e o **comercio**. Este último beneficiouse da excelente situación xeográfica de Mesopotamia.



► Gudea. Patesi da cidade-estado de Lagash, en Súmer.



► Estandarte de Ur (cara da guerra). Pequena caixa de madeira con dúas caras decoradas que representan un verdadeiro retrato da sociedade e da economía da época.

2.3 A sociedade mesopotámica

A sociedade dividíase en **tres grupos** que, por orde de importancia, eran:

- Os **señores**. Constituían o grupo superior da sociedade. Estaba integrado polo rei e a súa familia, os altos funcionarios do Estado e os sacerdotes.
- O **pobo**. Estaba formado polo resto de persoas libres: comerciantes, artesáns, campesiños.
- Os **escravos**. Eran prisioneiros de guerra e debedores que non podían pagar as súas débedas.

Tarefas para progresar

▼ Comprender a realidade histórica

8 Contesta estas preguntas:

a) Quen era o patesi?

.....

.....

.....

b) Cales eran as súas funcións?

.....

.....

.....

.....

9 Nomea as actividades económicas que se practicaban na antiga Mesopotamia.

.....

.....

▼ Producir textos

10 Con axuda da seguinte imaxe do río Éufrates, redacta un texto breve explicando a importancia deste río e a do Tigre, para a civilización mesopotámica.



.....

.....

.....

.....

.....

▼ Obter información

11 A seguinte imaxe dun pescador procede do estandarte de Ur (cara da paz).



Observa con atención a ilustración do devandito estandarte na páxina anterior (cara da guerra).

Despois, localiza un representante dos señores e outro dos escravos e debúxaos.

Por último, describe a súa indumentaria.


.....

.....

.....

▼ Organizar a información

12 Coloca cada grupo social no seu nivel correspondente: escravos, escribas, rei e a súa familia, homes libres, altos funcionarios, comerciantes, sacerdotes, funcionarios.



3 O legado cultural e artístico de Mesopotamia

3.1 O nacemento da escritura

A escritura foi a principal achega cultural de Mesopotamia. Coñécese como **escritura cuneiforme**, xa que se realizaba cun punzón sobre taboíñas de arxila branda que deixaba trazos en forma de cuña. As taboíñas deixábanse secar ao sol ou cocíanse nun forno.

Con este tipo de escritura leváronse as contas e redactáronse numerosos documentos administrativos, poemas e leis. Co nacemento da escritura, tamén **naceu a Historia**.

Ademais, déronse grandes avances en Astronomía, Matemáticas, etc.

3.2 A arquitectura e a escultura

A **arquitectura** empregou materiais pobres, como o adobe e o ladrillo. Nos seus edificios empregáronse, por primeira vez na historia, o **arco** e a **bóveda**.


As edificacións máis importantes foron os palacios e os templos.

- Os **palacios** estaban rodeados de murallas nas que se abrían **grandes portas**, e no seu interior contiñan estancias para o rei, a administración e o exército. Para embelecelos, recubríanse con relevos, cerámica vidrada e frescos.

Os palacios máis famosos foron o de Khorsabad e o de Babilonia.

- Os **templos** incluían no seu recinto un **cigurat** ou torre graduada. Os máis significativos son o de Ur e o de Babilonia.


En **escultura** fixéronse retratos de personaxes destacados, como o patesi Gudea, touros alados e relevos con escenas de caza e de guerra.



► Taboíña de barro de Súmer con caracteres cuneiformes.



► Reprodución a tamaño natural da porta de Isthar.



► O cigurat de Ur.

Tarefas para progresar

▼ Comprender a realidade histórica

- 13** Cal foi a principal achega cultural de Mesopotamia?

.....

- 14** Que nome recibe a escritura da antiga Mesopotamia?

.....

.....

▼ Obter información

- 15** Observa a ilustración da escritura sumeria da páxina anterior. A continuación, contesta:

a) Como se realizaba esa escritura?

.....

.....

.....

b) Para que se utilizou a escritura sumeria?

.....

.....

c) Que importancia tivo para a posteridade o nacemento da escritura?

.....

.....

▼ Relacionar informacións

- 16** Indica se as seguintes frases son verdadeiras (V) ou falsas (F):

a) A escritura mesopotámica facíase sobre taboíñas de barro cun punzón. ☐

b) Na construción de edificios usábanse pedras de gran calidade. ☐

c) Un cigurat é unha torre graduada. ☐

d) Nos relevos representáronse touros alados. ☐

▼ Producir textos

- 17** A partir da ilustración da páxina anterior, explica como era un cigurat mesopotámico.

.....

.....

.....

.....

.....

.....

▼ Organizar a información

- 18** Completa a seguinte táboa sobre a arquitectura mesopotámica.

MATERIAIS	CUBERTAS	EDIFICIOS DESTACADOS

- 19** Completa estas frases:

Os palacios estaban rodeados de nos que se abrían Para embelecelos, recubríanse con relevos, e frescos.

- 20** Escribe o nome destes elementos arquitectónicos.




9 Exipto. A vida no Nilo

1 Marco xeográfico e etapas históricas


1.1 O antigo Exipto e o Nilo

A civilización exipcia desenvolveuse ao longo do val do río Nilo. Este divide o país en dúas rexións naturais: o **Alto Exipto**, ao sur, e o **Baixo Exipto**, ao norte. Unificáronse cara ao ano 3100 a.C.

O Nilo fixo posible a vida en Exipto. Cada verán, as súas augas desbordábanse, cubrían de lama as beiras e fertilizaban a terra, o que permitía a agricultura. As poboacións neolíticas asentadas no val do Nilo aprenderon a prever e a controlar a inundación anual. Grazas a iso, os poboados medraron e convertéronse en **ciudades independentes**.



► Pirámides de Giza.




► Templo de Ramsés II (Abu Simbel).

1.2 As etapas da historia

A historia do antigo Exipto dividiuse en varias etapas:

- **Imperio Antigo** (3100-2181 a.C.). A capital foi **Menfis**. Construíronse as grandes pirámides, como as de Keops, Kefrén e Micerinos.
- **Imperio Medio** (2055-1795 a.C.). A capital trasladouse a Tebas.
- **Imperio Novo** (1550-1069 a.C.). Conquistouse Sirya e Palestina. Reinaron coñecidos faraóns, como Amenofis IV (Akenatón), Tutankamón ou Ramsés II.
- **Baixo Imperio** (715-31 a.C.). Exipto decaeu baixo a dominación de pobos estranxeiros, e en 31 a.C. desapareceu, ao ser conquistado polos romanos.



Tarefas para progresar

▼ Usar o vocabulario axeitado

- 1 Nomea as rexións naturais de Exipto.

.....

▼ Interpretar a linguaxe cartográfica

- 2 Localiza no mapa catro cidades exipcias independentes e as dúas capitais, e escribe os seus nomes.

.....

.....

- 3 Busca no mapa os nomes de tres famosas pirámides exipcias.

.....

.....

▼ Comprender a realidade histórica

- 4 Calcula o tempo que durou a civilización exipcia.

.....

.....

.....

- 5 Escribe, por orde cronolóxica, os nomes das etapas da historia do antigo Exipto.

.....

.....

▼ Producir textos

- 6 Redacta unhas liñas contestando esta pregunta: Por que o río Nilo foi tan importante para a vida no antigo Exipto?

.....

.....

.....

.....

.....

.....

▼ Relacionar informacións

- 7 Indica se as seguintes frases son verdadeiras (V) ou falsas (F):

a) A civilización exipcia localizouse arredor dos ríos Tigre e Éufrates.

☐

b) As rexións naturais de Exipto son dúas: o Alto Exipto e o Baixo Exipto.

☐

c) Durante o Neolítico abandonáronse as terras bañadas polo Nilo.

☐

d) A historia de Exipto divídese en tres períodos.

☐

e) A única capital exipcia foi Menfis.

☐

▼ Organizar a información

- 8 Completa este cadro con axuda do texto e do eixe cronolóxico:


ETAPA	CRONOLOXÍA	FEITOS DESTACABLES
IMPERIO ANTIGO		
IMPERIO MEDIO		
IMPERIO NOVO		
BAIXO IMPERIO		

2 A organización política, social e económica

2.1 A organización política

O rei exipcio adoptou o título de **faraón**. Foi considerado a encarnación terrestre de Horus, o deus do ceo, polo que recibía culto.

Concentrou todos os poderes: como **rei** ou xefe político, gobernaba, facía as leis e xulgaba; como **xefe militar**, dirixía o exército, e como **xefe relixioso**, ordenaba a construción de templos para facer as ofrendas aos deuses.



► Símbolos do poder real:

- A) **Dobre coroa**, branca e vermella, do Alto e do Baixo Exipto.
- B) **Coroa azul** de guerra.
- C) **Cóbrega** aniquiladora ou ureus.
- D) **Cetro** ou caxato.
- E) **Flaxelo**.
- F) **Barba postiza**.

2.2 A sociedade exipcia


A sociedade exipcia dividíase en varios grupos:

- No **nivel superior** estaban o faraón e a súa familia, os nobres e altos funcionarios, e os sacerdotes.
- No **nivel intermedio** encontrábanse artesáns especializados, ricos comerciantes e escribas. Os escribas eran, practicamente, os únicos que sabían ler e escribir, polo que desempeñaban diversos traballos no palacio e nos templos.
- O **nivel inferior** agrupaba o resto de persoas libres: campesiños, pequenos artesáns e comerciantes, soldados e serventes. Os escravos, moi escasos e na súa maioría estranxeiros, eran os máis desfavorecidos.

2.3 As actividades económicas

A agricultura de regadío á beira do Nilo foi a base da economía exipcia. As terras pertencían ao faraón, e os campesiños debían traballalas. Cultiváronse, sobre todo, cereais, utilizando ferramentas rudimentarias. Ademais, os campesiños criaban ovellas e aves de curral, e practicaban a pesca no Nilo.

Nas cidades vivían os artesáns, que realizaban traballos moi diversos (canteiros, carpinteiros, oleiros, ourives, tecedores, etc.) e os comerciantes.



► A pirámide social en Exipto.

- 1. Nivel superior: faraón.
- 2. Nivel superior: nobres e sacerdotes.
- 3. Nivel intermedio: escribas.
- 4. Nivel inferior: campesiños.

Tarefas para progresar

▼ Comprender a realidade histórica

9 Contesta estas preguntas:

a) Que título adoptou o rei exipcio?

.....

b) De que deus se consideraba unha encarnación terrestre o faraón?

.....

.....

c) Que poderes tiña o faraón?

.....

.....

.....

10 Nomea as actividades económicas que se practicaban na civilización exipcia.

.....

▼ Obter información

11 Identifica estes símbolos do faraón:



a)

b)

c)

.....

▼ Producir textos

12 A seguinte imaxe reproduce un escriba sentado. Descríbea e explica que importancia tiveron os escribas dentro da sociedade exipcia.



.....

.....

.....


.....

.....

.....

▼ Organizar a información

13 Coloca cada grupo social no seu nivel correspondente: faraón e familia, sacerdotes, artesáns especializados, comerciantes, campesiños e artesáns, escribas, serventes, escravos, nobres, altos funcionarios e comerciantes ricos.





3 A relixión do antigo Exipto

3.1 Os deuses exipcios

Os exipcios creron en numerosas divindades con aspecto humano e animal. Nos templos gardábase a súa estatua, recibían ofrendas e adorábanse mediante complicados ritos e oracións.

Entre os deuses máis importantes destacan **Amón-Ra**, deus do Sol; **Osiris**, deus dos mortos; **Isis**, deusa da fertilidade; **Anubis**, gardián das tumbas; **Horus**, deus do ceo, e **Hathor**, deusa do amor, da alegría e da música.

En Exipto, tamén se adorou o **faraón**, o río **Nilo** e determinados animais, considerados sagrados.



3.2 A vida de ultratumba

Os exipcios crían na **existencia dunha vida despois da morte**. Para acceder a ela había que conservar o corpo, mediante a **momificación** do cadáver, e superar o xuízo de Osiris.

Neste xuízo, colocábase o corazón do defunto nun dos pratos dunha balanza, e no outro, a pluma da deusa Maat, que simbolizaba a xustiza. Se a súa alma estaba libre de culpas, o corazón pesaba menos que a pluma e accedíase á vida eterna. No caso contrario, o corazón era devorado por un monstro.

► Detalle do Xuízo de Osiris, pintura sobre papiro do Libro dos Mortos.



Tarefas para progresar

▼ Comprender a realidade histórica

14 Contesta estas preguntas:

a) Que aspecto tiñan os deuses exipcios?

.....

b) Como se chamaban os deuses do Sol e dos mortos e a deusa da fertilidade?

.....

.....

15 Por que se momificaban os cadáveres no antigo Exipto?

.....

.....

.....

.....

.....

▼ Obter información

16 Estuda o debuxo dos deuses exipcios. Despois, nomea outros deuses e deusas non citados no texto explicativo.

.....

.....

17 Elixe un deus ou unha deusa e explica como se representaba.

.....

.....

.....

.....

.....

.....

18 Localiza nas ilustracións os pratos da balanza e contesta: que se colocaba en cada prato?

.....

▼ Producir textos

19 Analiza con detemento as ilustracións do proceso de momificación. A continuación, descríbeo.

Debes mencionar, como mínimo, as accións que están levando a cabo os distintos sacerdotes.



.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

▼ Seleccionar informacións

20 Sinala as frases verdadeiras (V) e falsas (F):

a) Entre os deuses exipcios destacaron Osiris e Amón-Ra. ☐

b) Os exipcios adoraban os seus deuses por medio de ofrendas e oracións. ☐

▼ Organizar a información

21 Completa os espazos en branco.

Os exipcios creron en, que representaron con aspecto e

4 As manifestacións culturais e artísticas

4.1 A escritura xeroglífica

A escritura utilizouse en Exipto dende o 3250 a.C. Nos seus inicios, a escritura exipcia foi unha escritura **xeroglífica**, é dicir, representaba o significado das palabras por medio de figuras ou debuxos.

Con ela, realizáronse inscricións nas paredes de templos e tumbas, e redactáronse os documentos oficiais en follas papiro.

4.2 A arquitectura, a escultura e a pintura



A **arquitectura exipcia** fíxose en pedra e foi de enormes dimensións. Os edificios principais foron as tumbas e os templos.

- As **tumbas** situáronse primeiro no interior de **mastabas** e **pirámides** (como as dos faraóns Keops, Kefrén e Micerinos); e logo escaváronse na rocha (**hipoxeos** de Tutankamón e Nefertari).
- Os **templos**, na súa maioría de grandes dimensións, eran a casa da divindade. Os máis importantes encóntranse en Karnak, Luxor e Abu Simbel.

A **escultura** componse de estatuas e relevos de faraóns e deuses. Estes están representados de forma ríxida, e cos brazos pegados ao corpo.

A **pintura** decoraba os templos e as tumbas. A figura humana representábase segundo a **lei da frontalidade**: as pernas e a cabeza sitúanse de perfil, e o tronco e o ollo, de fronte.

► Recreación das partes principais dun templo exipcio.



Tarefas para progresar

▼ Comprender a realidade histórica

22 Que nome recibe a escritura exipcia?

.....

23 En que tres tipos de tumbas foron enterrados os faraóns?

.....

▼ Obter información

24 Observa a seguinte ilustración e le o texto que a acompaña. Despois, resume a importancia da coñecida como «Pedra Rosetta»:



Pedra de granito negra cun mesmo texto repetido en tres tipos de escritura: xeroglífica, demótica e grega.

A súa importancia consiste en ter sido a peza que permitiu, a partir do grego, comezar a descifrar os xeroglíficos dos antigos exipcios.

.....

.....

.....

.....

.....

25 Estuda a ilustración do templo. A continuación, escribe as partes compoñentes dos templos exipcios.

1.

2.

3.

4.

5.

▼ Analizar estilos

26 Fíxate no debuxo das tumbas, e trata de explicar como eran as mastabas e as pirámides.

a) Mastaba:

.....

.....

.....

b) Pirámide:

.....

.....

.....

.....

27 Analiza a seguinte ilustración e explica en que consistía a lei da frontalidade.



.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

▼ Organizar a información

28 Completa a seguinte táboa sobre a arquitectura exipcia.

MATERIAL	EDIFICIOS PRINCIPAIS	EXEMPLOS REPRESENTATIVOS
—	—	—
—	—	—
—	—	—